



**MODIFICACIÓN DA
CONCRECIÓN CURRICULAR.**

CURSO 2022/2023

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE de Silleda
DATA: 19/09/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

3. Criterios de promoción do alumnado

3.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior. Faranse plans específicos individualizados para cada alumno/a

3.2 Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa

A promoción nos cursos de **primeiro, terceiro e quinto** de educación primaria será **automática**.

Ao finalizar os cursos de **segundo, cuarto e sexto** da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando en consideración a consecución das competencias básicas e o logro dos obxectivos de etapa.

Para determinar o grao de consecución das competencias e o logro dos obxectivos de etapa, tomaranse como referencia as cualificacións das áreas segundo a seguinte táboa de probabilidades:

Situación	Aspectos a ter en conta	Medidas a adoptar
1º Ten áreas con suspensos pero xa repetiu.	Elaborar un plan específico de reforzo	Promoción obrigatoria
2º Suspende 2 linguas (inglés, castelán, galego) e matemáticas.	Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior.	Non promociona , agás que o equipo de profesores considere o contrario tras valorar o esforzo, a madurez e a importancia do seu grupo de referencia.
3º Suspende 1 lingua (inglés, castelán, galego) e matemáticas e 2 ciencias.	Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior.	Non promociona , agás que o equipo de profesores considere o contrario tras valorar o esforzo, a madurez e a importancia do seu grupo de referencia.
4º Suspende 3 linguas (inglés, galego, castelán).	Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior.	Non promociona , agás que o equipo de profesores considere o contrario tras valorar o esforzo, a madurez e a importancia do seu grupo de referencia.

5º Suspende 1 lingua (inglés, galego, castelán), matemáticas, 1 das Ciencias máis unha non troncal.

Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior.

Non promociona, agás que o equipo de profesores considere o contrario tras valorar o esforzo, a madurez e a importancia do seu grupo de referencia.

A repetición será unha medida excepcional e tomarase despois de ter esgotadas o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. Valorarase:

1. O carácter global da avaliación na educación primaria que permite que o profesorado poida adoptar decisións de promoción valorando o distinto peso formativo que poidan ter as distintas áreas.
2. A conveniencia de permanecer no nivel para acadar con maior solidez as aprendizaxes básicas, especialmente nos primeiros cursos da E. Primaria na adquisición imprescindible para o progreso nos outros niveis.
3. As repercusións positivas ou negativas que o cambio de grupo pode ter no alumno ou alumna segundo o seu grado de integración no grupo de referencia.
4. A actitude cara o traballo, o progreso e o esforzo en función das súas capacidades.
5. A opinión da familia ou titores legais, que serán informadas e escoitadas previamente ás resolucións que se tomen.
6. A consulta ao D.O. do centro nos casos que proceda.
7. Calquera outra consideración particular que poida ser oportuna. Elaborar un plan específico de reforzo

4. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas.

4.1. Criterios xerais	Poderán acadar a mención honorífica os alumnos e as alumnas que superen as áreas da etapa cunha calificación de sobresaínte en varias áreas e demostren un rendemento académico de excelente se así o decide o equipo docente de forma colexiada (só 6º de ED Primaria).
-----------------------	---

5. Aprobación e publicidade

5.1. Aprobación	Aprobado pola CCP celebrada o día 19/04/2022
5.2. Publicidade	Esta modificación curricular publicarase na Web do centro e informarase as familias do alumnado por parte dos titores/as mediante a aplicación abalarMóbil.